



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 10 DE DECEMBRO DE 2018.

### ASISTENTES

#### GRUPO POLITICO

#### ALCALDESA, que preside:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela

PP

#### CONCELLEIROS:

D. José Ramón Gondar Pintos

PP

D. Ramón Tilve Castro

PP

D<sup>a</sup>. Milagros Pérez Gándara

PP

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar González Dopazo

PP

D. José Manuel Méndez Lázaro

PP

D<sup>a</sup>. Rosalina Lima Prado

PP

D. José Manuel Ásperez Montes

MI

D. Antonio Rial Lastres

MI

D. José Varela Budelo

MI

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Prado González

MI

D. Icíá García Fernández

PSdeG-PSOE

D. Manuel Radio Oubiña

PSdeG-PSOE

#### CONCELLEIROS NON ASISTENTES:

#### SECRETARIA:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:15 horas do día 10 de decembro de 2018, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 8 DE OUTUBRO DE 2018.

A Sra. alcaldesa-presidenta pregúntalles aos membros do Pleno si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria de data 8 de outubro de 2018; non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos trece membros.

2º.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS. (EXP. 1401/2018)

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta da proposta que formula en relación con este asunto sinalando que, no Diario Oficial de Galicia n.º 156, de data 17 de agosto de 2018, publícase a Orde do 9 de agosto de 2018 pola que se publica o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, que ten por obxecto instrumentar a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, Seaga, e a Fegamp, cos concellos que voluntariamente se adhiran, mediante o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa, que comprende:



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

- a) A colaboración financeira da Administración xeral da Comunidade Autónoma nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa.
- b) A prestación por parte da Administración autonómica do sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa cos titulares dos montes.
- c) A colaboración técnica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e os concellos para o exercicio das competencias que corresponden a estes de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e para a retirada de especies abóreas prohibidas, por razón de eficacia e por contar a Administración autonómica con medios técnicos adecuados para o seu desempeño.

Con este convenio a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, ven a cooperar no exercizo das competencias que lles corresponden aos Concellos na prevención dos incendios forestais, concretamente nas faixas secundarias de xestión da biomasa, e cumprir así os preceptos da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; articulándose:

- 1. Apoio técnico e administrativo para os Concellos.
- 2. A execución propiamente dita da xestión da biomasa, o cal poderá facerse por dúas canles:
  - a) Voluntariamente por parte dos propietarios mediante a subscrición dun contrato coa entidade xestora do sistema, cun custo de 350€/Ha.
  - b) Por execución subsidiaria e procedemento sancionador naqueles casos de incumprimento ou descoñecidos os propietarios das parcelas.  
Pola súa parte os concellos adheridos, asumen as seguintes obrigas:
    - a) Aprobar o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.
    - b) Identificar para os efectos do previsto no convenio as persoas titulares das parcelas incluídas nesas faixas de xestión de biomasa, salvo nos casos en que se poida xustificar que resultan descoñecidas
    - c) Aprobar anualmente, durante todo o período de vixencia do convenio, un plan de actuacións relativas á xestión da biomasa vexetal e á retirada de especies arbóreas.
    - d) Recibir e remitir a Seaga as solicitudes das persoas titulares dos montes incluídos nas faixas secundarias de xestión de biomasa do seu municipio, para a formalización dos contratos de xestión de biomasa previstos neste convenio.

Dada a dificultade existente por falta de recursos tanto administrativos como operativos para levar a cabo a tramitación e resolución final dos expedientes que incumpren a xestión das faixas secundarias, a adhesión a este convenio pode supoñer unha boa ferramenta para a correcta xestión da biomasa nas faixas secundarias, que lle esixe a vixente lexislación aos concellos.

Considerando que para o exercicio 2019, o prazo de presentación de solicitudes rematará o 31 de decembro de 2018, esta Alcaldía propuxolle á Comisión Informativa Permanente de servizos e medio ambiente o ditamine favorable deste asunto e a súa vez lle propuxera ao Pleno acordar solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE a Sra. García Fernández, quen manifesta que, entre as obrigas que recolle o convenio e que deben asumir os concellos figura a de aprobar o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais e a este respecto o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE na sesión plenaria de data 12 de febreiro de 2018 presentou unha moción referida á creación dun



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

plan de prevención de incendios, moción que foi ditaminada en contra pola Comisión Informativa de servizos e medio ambiente cos votos dos concelleiros do Grupo Municipal do PP aínda que no Pleno o Grupo Municipal do PP se abstivo; engadindo que, non obstante, o seu grupo é coherente e votaran a favor desta proposta.

Toma a palabra o Sr. Varela Budelo, membro do Grupo Municipal de MI, quen sinala que o seu grupo considera interesantes as actuacións que se contemplan no convenio e unha boa medida a adhesión ao mesmo, aínda que entenden que supón cederlle competencias a Xunta.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Informativa de Servizos e Medio Ambiente, por unanimidade dos trece membros; acorda:

1º.- Solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e Seaga en materia de prevención e defensa conta incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a tódalas súas cláusulas.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Rural.

3º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN PRESENTADA Á DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA, COMO TRÁMITE PREVIO Á DECLARACIÓN DA NECESIDADE DE OCUPACIÓN DOS TERREOS, BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DA OBRA "PROXECTO DE EXECUCIÓN FASE I DE APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES". (EXP. 678/2018)

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta da proposta que formula en relación con este asunto sinalando que, a vista do escrito de alegacións presentado, con data de rexistro de entrada 29-10-2018, n.º 2018-E-RC-5263, por D. Manuel Rosal Viñas á declaración de bens e dereitos afectados polo "PROXECTO DE EXECUCIÓN FASE I DE APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES" e do informe emitido polo presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de A Coruña, en relación coa alegación presentada:

"Rafael José Muíños Moreno, con DNI 32448841G, Presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de A Coruña ( A Coruña e Pontevedra) (en adiante, COETAAC),  
INFORMA:

Que don Gabino Grande Toro, con DNI nº 34974503J, figura nas bases de datos deste Colexio Oficial co número 854, como Colexiado coa titulación de Enxeñeiro Técnico Agrícola na especialidade de Industrias Agrarias e Alimentarias, e que na súa condición de Colexiado do COETAAC, nos ten consultado, ao serlle cuestionada a mesma, sobre a súa competencia para a realización dun informe de "Identificación y Valoración de Bienes afectados por un proyecto".  
E así mesmo, EXPÓN:

Que os titulados nas catro especialidades da Enxeñaría Técnica Agrícola, e nos novos títulos de Grao, habilitantes para o exercicio da profesión de Enxeñaría Técnica Agrícola (en adiante, ITA), adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (en adiante, EEES) ostentan a condición de técnicos competentes para a redacción de medicións, divisións, agrupacións e valoracións en solo urbano ou rústico (o que inclúe tamén, evidentemente, o solo de Núcleo Rural), tal e como se deduce da normativa vixente que a continuación se detalla:

Nonnativa sobre atribucións profesionais:

A ela temos que acudir para delimitar as competencias dos Enxeñeiros Técnicos Agrícolas:

1. Artº. 1.1 da "Ley 12/1986, de 1 de abril, por la que se regulan las atribuciones profesionales de Arquitectos e Ingenieros Técnicos", modificada pola "Ley 33/1992, de 9 de diciembre" (en adiante, LAPIT): "Los Arquitectos e Ingenieros Técnicos, una vez cumplidos los requisitos establecidos por el ordenamiento jurídico, TENDRÁN LA PLENITUD DE FACULTADES Y ATRIBUCIONES EN EL EJERCICIO DE SU PROFESIÓN DENTRO DEL ÁMBITO DE SUS RESPECTIVA ESPECIALIDAD TÉCNICA".

N.I.F.: P-96.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº REGLA: MU 2000 / 40



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

2. Artº. 2.1/LAPTI: “Corresponden a los Ingenieros Técnicos, DENTRO DE SU RESPECTIVA ESPECIALIDAD, las siguientes atribuciones profesionales: (...) c) LA REALIZACIÓN DE MEDICIONES, CÁLCULOS, VALORACIONES, TASACIONES, PERITACIONES, ESTUDIOS, INFORMES, PLANES DE LABORES Y OTROS TRABAJOS ANÁLOGOS”.

Así pois, calquera traballo profesional análogo é susceptible de ser incluído no grupo c) do citado artº. 2 (medicións, cálculos, valoracións, taxacións, peritacións, estudos, informes, plans de labores e outros traballos análogos). Trátase de tarefas profesionais dunha dimensión indubidablemente menor que as de proxección propiamente dita, as cales constitúen a expresión máxima da capacitación técnica e a inventiva persoal.

Esa diferente consideración ten o seu reflexo no texto da “Ley 12/86”, xa que para as actividades do grupo c) non rexe a limitación que si se inclúe no a) “... siempre que queden comprendidos por su naturaleza y características en la técnica propia de cada titulación...”. Iso implica que a elaboración dun proxecto deberá circunscribirse ao ámbito da especialidade, debendo acreditarse en cada caso a existencia de coñecementos suficientes que veñan amparados pola titulación específica, e sendo necesaria ademais a valoración do resto de circunstancias concorrentes, coa finalidade de comprobar si desa análise se deduce o encaixe do traballo profesional na especialidade do técnico e, polo tanto a idoneidade deste para o mesmo (basicamente a finalidade).

Porén, nas actividades do grupo c) non existe esa ligazón á especialidade en función da natureza e características, o cal leva a concluir que, cando non se trata de proxectar, hai atribucións plenas dos Enxeñeiros Técnicos, máis alá do límite da súa especialidade. En efecto, será suficiente con acreditar que a formación recibida ten proporcionado os coñecementos necesarios para o desempeño da actuación profesional cuestionada..

No caso das medicións, divisións e valoracións en solo urbano ou rústico (entre estas dúas, sen dúbida, categorías se encontra o solo de NR), resulta indubidable que os Enxeñeiros Técnicos Agrícolas contan con esa capacitación, pois a súa sinxeleza técnica, e carácter básico (non son avogan por consideralos como actividades pertencentes ao acervo común de saberes que comparten tódalas enxeñarías e enxeñarías técnicas. Por iso, tamén os enxeñeiros Técnicos Agrícolas estarán capacitados para a súa realización, a pesar de desenvolverse en solo urbano, ou de núcleo rural, e non no específico ámbito agropecuario no cal aqueles despregan normalmente as súas competencias.

Así se acreditará a continuación coa exposición das normas que establecen o contido das ensinanzas a impartir para a obtención dos títulos habilitantes da Enxeñaría Técnica Agrícola.

#### Normativa académica sobre ensinanzas técnicas:

-Esa normativa se reflicte nos Reais Decretos que establecen as catro titulacións antigas de Enxeñaría Técnica Agrícola, e nos plans de estudo que os desenvolven:

1. Reais Decretos polos cales se establecen os títulos universitarios oficiais da Enxeñaría Técnica Agrícola e as directrices xerais propias dos plans de estudo conducentes á súa obtención (RD 1452/1990 –Industrias Agrarias e Alimentarias-, 1453/1990 – Explotacións Agropecuarias-, 1454/199 – Hortofruticultura e Xardinería- e 1455/1990 –Mecanización e Construcións Rurais-, todos de 26 de outubro), en tódolos cales se inclúe como materia troncal as seguintes: “EXPRESIÓN GRÁFICA Y CARTOGRAFÍA. TÉCNICAS DE REPRESENTACIÓN. FOTOGRAMETRÍA Y CARTOGRAFÍA. TOPOGRAFÍA” e “ECONOMÍA AGRARIA Y VALORACIÓN”.

2. Plans de estudo que desenvolven as anteditas directrices xerais propias, os cales configuran de idéntico o moi similar xeito para tódalas escolas universitarias de Enxeñaría Técnica Agrícola as asignaturas que instrúen sobre a medición de terreos, o levantamento de planos e outras actividades análogas, e a valoración de bens. De todo o cal se deduce a existencia de coñecementos suficientes proporcionados polos estudos seguidos para a obtención do título, e, polo tanto, a inexistencia de impedimento legal algún á realización dos traballos anteriormente citados.

-No caso dos novos títulos de Grao adaptados ao EEES, esa normativa se encontra na “Orden CIN/323/2009”, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de ITA (en diante, Orden CIN/323/2009):

1. No apartado 3 do Anexo I da Orden CIN/323/2009 se inclúe como competencia académica que os estudantes necesariamente deben adquirir a seguinte:

“Capacidad para la redacción y firma de mediciones, segregaciones, parcelaciones, valoraciones y tasaciones dentro del medio rural, la técnica propia de la industria agroalimentaria y los espacios relacionados con la jardinería y el paisajismo, tengan o no carácter de informes periciales para Órganos judiciales o administrativos, y con independencia del uso al que este destinado el bien mueble o inmueble objeto de las mismas”

Por outra parte, se inclúen como competencias no módulo de formación básica (60 créditos) as seguintes:

“Conocimientos básicos de geología y morfología del terreno y su aplicación en problemas relacionados con la Ingeniería Climatología”

“Capacidad de visión espacial y conocimiento de las técnicas de representación gráfica, tanto pro métodos tradicionales de geometría métrica y geometría descriptiva, como mediante las aplicaciones de diseño asistido por ordenador”

E como competencias incluídas no módulo común á rama agrícola (60 créditos), as seguintes:

“Levantamientos y replanteos topográficos. Cartografía. Fotogrametría, sistemas de detección geográfica y teledetección en agromanía”

“Ingeniería del Medio Rural: cálculo de estructuras y construcción, hidráulica, motores y máquinas, electrotecnia, proyectos técnicos”.

“Valoración de empresas agrarias y comercialización”

Para cuxa constancia, aos efectos oportunos, asíno o presetino en A coruña, a 26 de novembro de 2018”



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

procede, segundo se sinala no informe emitido pola secretaria-interventora con data 16-05-2018, a resolución da mesma así como acordar sobre a declaración da necesidade da ocupación, debendo relacionarse detalladamente os bens, terreos e dereitos afectados así como os titulares dos mesmos cos que se entenderán os sucesivos trámites do expediente.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE a Sra. García Fernández, quen manifesta que esta é unha obra demandada pola asociación de veciños desde fai anos polo que votaran a favor.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI o Sr. Ásperez Montes quen sinala que en sesións plenarias anteriores se amosaron a favor deste proxecto pero a medida que van coñecendo detalles do mesmo están máis en desacordo, así perdeuse a oportunidade de comprar a finca na súa totalidade, hai unha porción de terreo que queda fora do proxecto que consideran que sería viable para facer unha praza pública e vaise a realizar un muro que supón unha contía importante para acadar pouco terreo; polo que non se van a opoñer pero se absteran; engade que aos veciños hai que informalos e hai que coñecer o seu parecer, así elaborouse un proxecto para unha segunda fase, que ascende en torno a 110.000,00 € e que contempla o adoquinado dunha zona co que os veciños non están de acordo nin ven a necesidade desta obra.

Sometida o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, con catro abstencións dos membros do Grupo Municipal IM e nove votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP e do PSdeG-PSOE, acorda:

1º Desestimar as alegacións formuladas por D. Manuel Rosal Viñas, mediante escrito presentado con data 29-10-2018, n.º 2018-E-RC-5263, en base ao informe emitido polo presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de A Coruña.

2º Declarar expresamente a necesidade da ocupación dos terreos, bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación forzosa con motivo da execución da obra "PROXECTO DE EXECUCIÓN FASE I DE APERTURA E URBANIZACIÓN DE VIAL EN IGLESIA-LORES" e tramita-lo expediente de expropiación forzosa, que son os que de seguido se relacionan:

PARCELA CATASTRAL	TITULAR	TIPO DE SOLO/CULTIVO/SITUACIÓN	SUPERFICIE AFECTADA	VALORACIÓN	TOTAL
8079313NG1987N0001FQ	Banco Santander, S.A.	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Muro peche pedra Muro peche pedra Muro bloques formigón Malla metálica Traslado portal Arbol frutal	750,00 m <sup>2</sup> 62,50 m <sup>2</sup> 60,00 m <sup>2</sup> 5,95 m <sup>2</sup> 43,75 m <sup>2</sup> 35,00 m <sup>2</sup> 1 Ud. 1 Ud.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 0,00 € * 60,00 €	19.987,50 €
8079308NG1987N0001LQ	Alicia Besada Torres	Solo de Núcleo Rural Traslado portal e columna	20,00 m <sup>2</sup> 1 Ud.	26,57 € 0,00 €	531,40 €

N.I.F.: P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01350274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

8079314NG1987N0001MQ	Manuel Rosal Viñas	Solo de Núcleo Rural Muro peche de pedra Malla metálica Traslado de emparrado Arbol frutal	20,00 m <sup>2</sup> 27,50 m <sup>2</sup> 22,00 m <sup>2</sup> 10,00 m.l. 3 Ud.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 23,86 € 60,00 €	1.008,60 €
8178302NG1987N0001ZQ	Gerardo B. Gómez Trelles	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Muro bloques formigón Traslado emparrado	18,00 m <sup>2</sup> 4,80 m <sup>2</sup> 2,76 m <sup>2</sup> 11,00 m.l.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 23,86 €	740,72 €
8178305NG1987N0001WQ 8178304NG1987N0001HQ	Manuel Rosal Viñas	Solo de Núcleo Rural Muro contención de pedra Malla metálica Traslado de emparrado	50,00 m <sup>2</sup> 31,90 m <sup>2</sup> 29,00 m <sup>2</sup> 27 m.l.	26,57 € 0,00 € * 0,00 € * 23,86 €	1.972,72 €

\* Non se valoran ao estar recollidas a súa reposición no “Proxecto de execución da fase I de apertura e urbanización de vial en Iglesia-Lores.”

3/ Expoñer este acordo a información pública durante un prazo de quince días hábiles, con publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior circulación na Provincia, no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Meaño; concedéndolle audiencia aos interesados, con notificación individual a cantas persoas aparezan como interesadas no procedemento expropiatorio, ó abeiro dos artigos 21 da Lei e 20 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, para que poidan examina-lo expediente e formula-los recursos que estimen procedentes

4º.- MODIFICACIÓN DAS ORDENANZAS FISCAIS DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS, EN VIRTUDE DA CLÁUSULA SEGUNDA DO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA “CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA” (EXP. 1231/20189)

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta da proposta que formula en relación con este asunto sinalando que, o 10 de outubro de 2017 asinou o Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa “Concellos doing Business Galicia”.

O obxecto do Protocolo é o de establecer un marco de colaboración entre a Xunta e as diferentes administracións locais de Galicia de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas en Galicia.

En materia tributaria, os Concellos deberán aprobar unha serie de modificacións nas súas ordenanzas fiscais para poder participar nesta medida, en particular, do Imposto sobre Bens Inmóveis, do Imposto sobre Actividades Económicas, do Imposto sobre Construción, Instalación e Obras, da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente e da Taxa pola apertura de establecementos, mediante bonificacións potestativa de ata 95% no caso dos impostos ou mediante a aplicación de beneficios fiscais ou a non suxeición as taxas no caso das taxas.



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

O 13 de decembro de 2017 asinouse unha addenda ao Protocolo mencionado no senso de establecer como voluntaria a modificación das ordenanzas reguladoras das Taxas pola prestación de servizos urbanísticos e pola apertura de establecementos.

O Pleno da Corporación, en sesión de data 8 de outubro de 2018, acordou manifestar o desexo do Concello de Meaño de adherirse ao Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia" polo que en coherencia co acordado e a vista do informe emitido pola secretaria-interventora, esta Alcaldía propúxolle á Comisión Especial de Contas a modificación das Ordenanzas Fiscais Reguladora dos Imposto sobre Bens Inmóbles, Imposto de Actividades Económicas e Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, nos termos que se reflexan na proposta.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE a Sra. García Fernández quen sinala que, o seu grupo, igual que na sesión celebrada o 8 de outubro, está a favor de calquera proposta que implique a implantación de empresas que creen de emprego de calidade e as condicións que se sinalan son para crear emprego de calidade, polo que votarán a favor.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI o Sr. Ásperez Montes, quen manifesta que votaran a favor pero que si se analiza a fondo é una trapallada porque o IAE poucas empresas o pagan, o IBI si o pagan tódalas empresas pero as condicións esixidas para acadar as bonificacións propostas poucas empresas as cumpren; concluíndo que si se quere apoiar o tecido empresarial en Meaño a maneira e dar traballo as empresas de Meaño.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros; acorda:

1º.- Aprobar provisionalmente a modificar das Ordenanzas Fiscais reguladoras de:

- Imposto sobre Bens Inmóbles
- Imposto sobre Actividades Económicas
- Imposto de Construcións, Instalacións e Obras

Nos seguintes termos:

## **IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

Modifícase o artigo 2 para incluír o punto 5, quedando como segue:

"5. Actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego.

1. Sempre que así se solicite polos interesados, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmóbles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique a creación de emprego. Neste último caso, a bonificación aplicarase unicamente sobre o valor da ampliación.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Dita bonificación aplicarase durante tres exercicios económicos, debendo manterse en todos eles as condicións esixidas que serviron de xustificación para o seu outorgamento.

Para a concesión desta bonificación deberán concorrer os seguintes requisitos:

## 2. Requisitos relativos ao inmovible e ao suxeito pasivo:

a) A titularidade do dereito polo que se solicita a bonificación debe corresponder a persoas físicas ou xurídicas ou ás entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que desenvolvan en dito inmovible a actividade económica declarada de especial interese municipal por creación de emprego. Por tanto, deberá coincidir o suxeito pasivo do Imposto co empregador dos correspondentes traballadores.

b) Non se aplicará esta bonificación a máis dun inmovible do suxeito pasivo.

c) No caso de que o inmovible se tivera agrupado, segregado ou sufrise algún tipo de alteración de orde física no período impositivo da solicitude da bonificación que produza unha alteración do valor catastral, dita bonificación non se aplicará ata que o Concello dispoña do novo valor catastral do inmovible no que se desenvolve a actividade económica declarada de interese.

d) Esta bonificación poderá aplicarse tanto a empresas de nova creación como ás xa existentes.

## 3. Requisitos relativos aos traballadores contratados:

a) Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os novos empregos computaranse en proporción á duración da xornada.

b) Os contratos indefinidos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos.

c) O incremento do número de traballadores con contrato indefinido establecerase, como diferenza entre o número de traballadores existente na empresa no ano anterior ao que xurda o dereito a solicitar este beneficio e o ano en que xurde o dereito a solicitar este beneficio.

4. Tramitación da bonificación. A bonificación poderá solicitarse unha vez transcorresen seis meses desde a creación do último posto de traballo computable.

Xunto ca solicitude de bonificación, o interesado achegará a seguinte documentación:

1. Memoria explicativa, integrada por unha descrición da actividade a desenvolver,





# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- e que comprenderá unha análise da súa viabilidade.
2. Copia dos novos contratos formalizados.
3. Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada.
4. Última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social unha vez transcorresen seis meses desde a creación do último posto de traballo computable.

5. A bonificación terá efectos no período impositivo seguinte ao da declaración de especial interés ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, excepto o indicado a continuación para novas construcións ou ampliación de construcións preexistentes.

6. Para o disfrute da bonificación en exercicios sucesivos o interesado deberá aportar a seguinte documentación dentro do mes de decembro do primeiro, segundo, e terceiro exercicio:

- Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Na ampliación de construcións preexistentes, o beneficio comezará a disfrutarse no exercicio seguinte ao de entrada en vigor do valor catastral modificado, constituíndo a base da bonificación o incremento de dito valor consecuencia da ampliación.

## DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor o mesmo día da publicación do texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

## IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS.

Inclúese un artigo 3 bis, quedando como segue:

“Artigo 3 bis. Bonificacións potestativas.

1. Outorgarase bonificación ata do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

2. Circunstancias de fomento do emprego.

Sempre que así se solicite polos interesados, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra para as construcións, instalacións ou obras afectas ao exercicio dunha actividade económica da que o suxeito pasivo sexa titular, cando sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3. Para a concesión desta bonificación deberán concorrer os seguintes requisitos:

a) Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os empregos computaranse en proporción á duración da xornada.

b) Os contratos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos, contados desde o inicio da actividade.

c) Os contratos de traballo deberán formalizarse non prazo máximo de tres anos desde a concesión da licenza de obras correspondente, ou da prórroga que se conceda no seu caso para a execución da obra.

d) O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos desde o inicio da actividade polo suxeito pasivo.

4. Tramitación da bonificación.

A bonificación deberá solicitarse con carácter previo ou simultáneo á concesión da correspondente licenza de obras. Xunto ca solicitude de bonificación, o interesado achegará a seguinte documentación:

- Memoria explicativa, integrada por unha descrición da actividade a desenvolver no local obxecto da obra, e que comprenderá unha análise da súa viabilidade.

- Declaración dos empregos a crear, detallando o seu número e modalidade da xornada e compromiso de mantelos por un período mínimo de tres anos desde o inicio da actividade.

- Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada, e última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social, consistente con dita declaración.

A fin de acreditar a creación e mantemento dos empregos creados, durante o mes de decembro do primeiro, segundo e terceiro exercicios posteriores ao remate das obras o interesado deberá aportar a seguinte documentación:

- Copia dos novos contratos formalizados (unicamente no primeiro exercicio posterior ao inicio da actividade).

- Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social, da que se desprenda o mantemento do emprego por parte da empresa.

A comisión de calquera infracción urbanística na execución do investimento obxecto de bonificación, ou o incumprimento do prazo mínimo de mantemento do emprego, dará lugar á perda automática do beneficio fiscal outorgado, debendo ingresarse na Tesourería Municipal o importe da bonificación.

DISPOSICIÓN FINAL



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

A presente modificación desta Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor o mesmo día da publicación do texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

## IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Inclúese un artigo 4, quedando como segue:

“Artigo 4.- Bonificacións potestativas:

1. Sempre que así se solicite polos interesados, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para suxeito pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.22 e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- O 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Dita bonificación aplicarase durante tres exercicios económicos seguintes ao da declaración de especial interese ou utilidade municipal, debendo manterse en todos eles as condicións esixidas que serviron de xustificación para o seu outorgamento.

2. Para a concesión desta bonificación deberán concorrer os seguintes requisitos:

- a) Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os empregos computaranse en proporción á duración da xornada.
- b) Os contratos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos, contados desde o inicio da actividade.

3. Tramitación da bonificación.

A bonificación poderá solicitarse unha vez transcorresen seis meses desde a creación do último posto de traballo computable.

A bonificación terá efectos no período impositivo seguinte ao da declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Para o disfrute da bonificación en exercicios sucesivos o interesado deberá aportar a seguinte documentación dentro do mes de decembro do primeiro, segundo, e terceiro exercicio:

- Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

DISPOSICIÓN FINAL



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

A presente modificación desta Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor o mesmo día da publicación do texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

2º.- Expoñer o presente acordo ao público mediante edictos publicados na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas; entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesiade de novo acordo, de non presentarse reclamacións, ao abeiro do artigo 17.3 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE VILAGARCÍA DE AROUSA SOBRE COMPROMISO DE QUE VILAGARCÍA CONTE CUNHA PARADA DO AVE.

A Sra. alcaldesa-presidenta da lectura á moción presentada polo Grupo Municipal do PP de Vilagarcía de Arousa sobre o compromiso de que Vilagarcía conte cunha parada do AVE e contida no acordo adoptado polo Pleno de Vilagarcía de Arousa en sesión de 25-10-2018, que dí:

*“En virtude do ordenado polo Sr. Alcalde, poño no seu coñecemento que polo PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 2018 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:*

**13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE COMPROMISO DE QUE VILAGARCÍA CONTE CUNHA PARADA DO AVE:** *Dáse conta do ditame emitido pola C.I. URBANISMO E SERVIZOS, en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2018, do seguinte teor:*

*Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PP coa data de 17 de outubro de 2018, do seguinte teor:*

*Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno0 Ordinario do 25 de outubro de 2018 a seguinte MOCIÓN:*

*“Compromiso de que Vilagarcía conte cunha parada do AVE”*

**EXPOÑEN:**

*Que Vilagarcía ten a entidade indiscutible dentro da provincia de Pontevedra e da Comunidade Autónoma de Galicia como para que sesta cidade sexa incluída mapa de paradas do tren de alta velocidade AVE.*

*Que os vilagarcíans e os demais habitantes da comarca do Salnés (que superan a barreira dos 100.000) merecen estar conectados con Madrid e que Vilagarcía ten que ser a súa parada de referencia.*

*Que, sen dúbida, a disposición xeográfica das cidades galegas, entre as que se atopa Vilagarcía, evidencian que trazado idóneo para este servizo é o eixo do Atlántico e non outras variante polo interior como se barallaba e se defendía desde Vigo.*

*Vilagarcía sairá beneficiada ou prexudicada da decisión do Goberno Central para incluír ou non a esta cidade, a terceira da provincia en importancia, nas paradas do AVE,. Esta decisión marcará sen dúbida o futuro desenvolvemento da cidade, funcionará como polo de atracción de turistas, fomentará o transporte dos vilagarcíans e permitirá que viaxeiros doutras zonas visiten a cabeceira da comarca e por extensión todo o Salnés, sempre e cando a decisión sexa a favor desta parada.*

*As últimas informacións e posicionamentos dos máximos dirixentes do Ministerio de Fomento alertan de*



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

que a aposta política pode pasar por deixar a Vilagarcía fóra deste mapa de paradas, o que se traduciría nunha perda de peso específico a nivel provincial e autonómico en un freo evidente ó futuro crecemento desta cidade, e por extensión da comarca.

Non hai ningunha dúbida de que este é o momento clave para defender, deste diferentes estamentos e organismos, que Vilagarcía sexa incluída na rede de paradas do AVE, sobre todo cando xa existían compromisos anteriores dos dirixentes ministeriais de que esta cidade tiña que ter unha importancia destacada á hora de fixar estas paradas.

O anuncio dos prazos para as obras dos tramos Zamora-Pedralba de la Pradería e Pedralba de la Pradería-Taboadela, e os tempos previstos para os traxectos nas cidades de Ourense, Santiago, Pontevedra, Vigo A Coruña, Ferrol e Lugo evidencia que Vilagarcía quedará illada dos plans do Goberno Central.

Desde a Mancomunidade do Salnés xa se deu un primeiro paso, despois do debate deste asunto, para reclamar ó Ministerio de Fomento que esta cidade conte cunha parada específica, recabando un apoio unánime dos alcaldes da comarca.

Finalmente destacar que estamos ante unha oportunidade histórica para esta cidade e que este Concello ten que ser o primeiro en esixir ó Ministerio de Fomento que aposte decididamente pola parada do AVE en Vilagarcía.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía

## SOLICITA

- Instar ó Ministerio de Fomento para que Vilagarcía conte cunha parada propia do AVE
- Instar ó goberno local a que dea traslado desta moción ós Concellos da Comarca do Salnés e á Deputación de Pontevedra para que sexa debatida nos seus respectivos plenos, se o consideran oportuno.
- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Fomento.

Elena Suárez - Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

## VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, EU, BNG, Somos Maioría e Concelleiro non adscrito, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada por grupo político municipal do PP sobre compromiso de que Vilagarcía conte cunha parada do AVE.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

**VOTA CIÓN.** - Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as no Pleno (21 de 21)

**ACÓRDASE:** aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e

- Instar ó Ministerio de Fomento para que Vilagarcía conte cunha parada propia do AVE
- Instar ó goberno local a que dea traslado desta moción ós Concellos da Comarca do Salnés e á Deputación de Pontevedra para que sexa debatida nos seus respectivos plenos, se o consideran oportuno.
- Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Fomento.

Coa finalidade de notificarlle a vostede aos acordos municipais a través de medios electrónicos, pégase que na documentación que dirixa ao Concello figure sempre un correo electrónico, aos efectos de indicarlle por parte do Concello a posta a disposición da notificación dos acordos na sede electrónica do Concello. (Artigo 43 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

O que se comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos, coa salvidade prevista no Artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídicos das Entidades Locais".

Engade a Sra. alcaldesa que a poboación de Meaño maioritariamente para as necesidades de desprazamento en tren acude a estación de Vilagarcía de Arousa polo que



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: [concellodemeano@concellodemeano.com](mailto:concellodemeano@concellodemeano.com) · Web: [www.concellodemeano.com](http://www.concellodemeano.com)

considera interanse que Vilagarcía conte cunha parada do AVE.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE a Sra. García Fernández quen sinala que cando o Partido Popular se atopaba no goberno central o PSOE presentou esta moción e non foi apoiada engadindo que o que se pretende é que ao menos unha das oito saídas do AVE parta de Vilagarcía, que foi o que o alcalde de Vilagarcía lle trasladou ao ministro de Fomento e ao xefe territorial de ADIF e polo que está loitando.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, voceiro do Grupo Municipal de IM quen sinala que está ben que o AVE chegue a Vilagarcía.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros; acorda:

1º.- Instar ó Ministerio de Fomento para que Vilagarcía de Arousa conte cunha parada do AVE.

2º.- Dara traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Fomento.

6º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERIDA Á CREACIÓN DUN REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, quen da lectura ao escrito de moción presentado con data de rexistro de entrada 30-11-2018, nº 2018-E-RC-5760, referida á creación dun regulamento para a participación cidadá:

*“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icia García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais ( Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, referida a creación de un Regulamento para a Participación Cidadá.***

*Do intento dunha máis áxil resposta do Concello aos problemas cotiás dos veciños nace a democracia participativa.*

*Este democracia participativa, emana da base da sociedade a través das iniciativas populares e das organizacións locais, contando cunha transparencia total na xestión, o que lle permite a un concello, aberto e democrático, impulsar unha actuación ao servizo dos intereses dos cidadáns que senten o deber de cooperar coa administración local na mellora das condicións de vida e progreso de toda a comunidade.*

*Para o Concello é primordial ter unha boa relación con todas as asociacións veciñais, entidades deportivas, culturais, sindicais, profesionais ou empresariais, para que éstas trasladen as súas iniciativas para mellorar o conxunto do concello.*

*E é por ese motivo, que se ten creado unha normativa que regule o recoñecemento expreso dos veciños e asociacións ante a administración local, sempre con ánimo de crear unha relación totalmente transversal, transparente e construtiva coa sociedade, na que se teña en conta aos veciños e asociacións para a toma de decisións xerais.*

*Polo tanto, o que se retende conseguir con este normativa é:*

- *Fomentar a máis ampla información sobre as actividades e a xestión municipal*
- *Promover a iniciativa e a participación dos veciños e organizacións asociativas na xestión municipal, sen menguar as competencias legalmente atribuídas ao órganos establecidos pola lei*



# CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91  
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

e facer efectivos os dereitos recollidos no artigo 18 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.

- Crear un rexistro de asociacións municipais, donde se teña coñecemento de todas as asociacións do concelle e se lles dé información sobre as súas áreas de interese, como programas públicos das diferentes entidades, subvencións, convenios, etc
- Crear mecanismos que garantan as consultas dos veciños, conforme ao establecido no artigo 70.3 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local
- Fomentar o asociacionismo cidadán
- Achegarlle a xestión municipal ao cidadán
- Garantir a solidariedade e equilibrio entre as disintas parroquias



Existen numerosos Concellos que contan cun regulamente que regule a participación cidadá, ara achegar os veciños á xestión municipal, para que se sintan máis comprometidos co Concello. De feito, dende o ano 2015, moitos destes Concellos utilizan este medio para realizar uns presupostos máis acordos coas necesidades dos seus veciños. Este regulamento podría conter os seguintes apartados, entre outros:

1. Fundamento legal
2. Obxecto
3. Rexistro municipal de Asociacións
4. Tratamento da información municipal
5. Iniciativas e consultas cidadás
6. Participación cidade nor órganos municipais

De acordo con todo o anterior, sométese a consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte:

1. **Creación dun Regulamento de Participación Cidadá no Concello de Meaño.**

Engade a Sra. García Fernández quen sinala que o que pretende e dar máis capacidade de participación aos veciños, non só a través dos concelleiros senón tamén de xeito directo.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de MI, o Sr. Ásperez Montes quen sinala que canta máis participación máis democracia.

Remata as intervencións a Sra. alcaldesa sinalando que o grupo de goberno está de acordo e poñeranse a traballar nela.

Sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros; acorda a creación dun Regulamento de participación cidadá no Concello de Meaño.

## 7º.- ESCRITO DO PSdeG-PSOE REFERIDA Á RETIRADA DE POSTES DE LUZ PERIGOSOS DOS VIAIS MUNICIPAIS.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, quen antes de proceder a dar lectura do mesma manifesta que presentaron este asunto como moción e que o grupo de goberno o trata como escrito; que foi presentado con data de rexistro de entrada 30-11-2018, nº 2018-E-RC-5759, referido á retirada de postes da luz perigosos dos viais municipais:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG- PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icia